GRIAL

110

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXIX / 1991

LEMBRANZA DE A. CUNQUEIRO

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN:
Álvaro Cunqueiro e Cervantes: xogos de erudición.

SERGIO VERGARA ALARCÓN:
Álvaro Cunqueiro: a súa obra e a crítica.

MANUEL PÉREZ BELLO:
Entrevista con Álvaro Cunqueiro.

SILVIA GASPAR:
Atracción e detracción de Cunqueiro.

CARLOS X. FERNÁNDEZ:
Hermenéutica cultural e occidentalización.

XAVIER CASTRO:
Picadillo: cultura e gastronomía.

MAURO A. FERNÁNDEZ:
Coordenadas sociais e dinámica do bilingüísmo galego.

RAMÓN MARIÑO PAZ:
Presencia do galego na sociedade galega durante os séculos XVI, XVII e XVIII.

ERNESTO XOSÉ GONZÁLEZ SEOANE:
O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para unha historia do antigaleguismo.

A CULTURA NO MUNDO

Cervantes na UNESCO: ¿a espada e/ou a pluma?

O grupo de in~~vestigado~~res latinoamericanos na UNESCO (GRULA) ós que se asocia España e o Comité de Defensa do Idioma Español (o presidente do cal é o embaixador arxentino Jorge Saín Asís), veñen de crear a "Cátedra Cervantes" coa finalidade de realizar distintas iniciativas que tendan á defensa do idioma castelán. A cátedra foi inaugurada en abril deste ano por Julián Marías e contou coa presencia de Su Alteza Real a Infanta Dona Cristina, das máximas autoridades da UNESCO, de diplomáticos e de numeroso público.

Que Cervantes entrara na UNESCO é motivo de ledicia para americanos e españois. Que Cervantes entrara da forma na que o fixo, resulta lamentable, sobre todo porque aviva a polémica e a oposición entre hispanistas americanos e hispanistas españois. Xa reinaba unha certa aprensión nos días previos á conferencia. Temíase que a inauguración se transformara, por mor dun malentendido tan vello coma, hoxe, inaceptable, nunha exaltación da hexemonía española, non xa política, senón lingüístico-nacionalista.

A facilidade de palabra de Marías, a soltura e a "gracia" do seu discurso seduciron, pola forma, ó público. Pero, en canto ó seu contido intelectual, produciuse o que todo o mundo podía prever. Marías, alonxado dos movementos culturais e lingüísticos contemporáneos, falou dunha unidade hispanoamericana que non é o que buscan os países que o invitaron á UNESCO e, ademais, descoñece as reivindicacións indíxenas. Actitude, a súa, tanto máis imperdoable cando ten lugar nas proximidades do Quinto Centenario e na sede dun organismo de vocación universal.

En efecto, o seu pensamento áchase apegado dabondo a unha metafísica española nostálxica dun modelo hispanoamericano hoxe xa sobrepasado nun e noutro lado do Atlántico polas arelas de xustiza, de democracia e de modernidade. Marías presentou a Cervantes como símbolo dun "proxecto español" establecido hai mil trescentos anos. Este proxecto, que é o da reconquista, orixinaríase "no século oitavo" (sic) nos escasos reductos que non caeron baixo dominio árabe. Identificou despois a Cervantes con España, ata o punto de afirmar que esta era incomprensible sen aquel, de quen lembrou a dobre vocación da espada e da pluma. Esa España (coma se nela non se falasen outras linguas e non houbese outras tradicións culturais) e ese Cervantes serían a "clave da bóveda" para facer intelixible tanto á España como á Hispanoamérica de antano e do hogano.

Á ausencia de referencias ás letras ou á historia do mundo hispanoamericano actual, sumouse o silencio absoluto sobre os esforzos realizados nos últi-

mos tempos para establecer, tanto en América como en España, sen hexemonías, a norma xurídica do idioma español. ¿Pódese descoñecer, diante de intelectuais e de diplomáticos hispanos ou latinoamericanos acreditados na UNESCO que, hoxe, se tende a aceptar que o idioma español "correcto" ten que ser definido polo conxunto de hispanofalantes? ¿Pódese identificar a Cervantes con España cando se desexa dar un carácter universal ó autor e á lingua do *Quixote*?

Moitos americanos, probablemente a maioría, sentimos un gran cariño e considerámosnos profundamente herdeiros da península, pero non buscamos nela a nai, nin ó pai, nin a clave do que somos ou debemos ser. Non queremos ó Cervantes da pluma, nin ó da espada, se aquela pluma se usa para nos dictar, por escrito ou desde unha cátedra, o modo como debemos escribir, falar ou pensar. Cervantes merece, por certo, tódolos respectos debidos á súa indiscutible mestría e xenialidade. Sen embargo, non é a el a quen América tenta achegarse. O Novo Mundo busca en España unha irmá coa que actuar de mutuo e igualitario acordo, non só para definir a lingua, senón tamén para crear un mundo mellor e aberto ó futuro.

Non resulta aceptable que se diga, coma se sostivo no podio consagrado a Cervantes, que España non tiña colonias "porque aquelas terras eran reinos, virreinatos ou capitanías"; e máis inaceptable aínda é que non se puidese respostar, xunto con Bolívar, en Xamaica, en 1815, que: "Estábamos (...) ausentes del universo en cuanto es relativo a la ciencia del gobierno y administración del Estado. Jamás éramos virreyes, ni gobernadores". Inadmisible, coma o dicir que os reis españois consideraban súbditos por igual a americanos e peninsulares, argumentando coma proba que na historia escrita por Antonio Ulloa consignábanse, entre os emperadores do Perú, desde Manco Capac ata Fernando VI. Se así fose, Manco Capac houbese podido ser emperador de España e dos seus dominios, é dicir, toda América, a Península, Filipinas, Flandes e Nápoles, e, posteriormente, Carlos III non houbese podido declarar usurpadores e executar os Tupac Amaru cando estes se proclamaron, en tanto descendentes de Manco Capac, emperadores do Perú.

Ó rematar a conferencia, algunhas personalidades comentaron, extraoficialmente, que o nome de Marías foi proposto por España ós países latinoamericanos en razón da influencia que este tivo en América. Sen embargo, certos diplomáticos afirmaron que non foi proposto polo embaixador español, senón que foi solicitado polos delegados americanos. Na realidade importa pouco quen tivo a idea e quen o elixiu. O pensamento de Marías, que representa unha corrente moi particular dentro do mundo hispánico, convértese, ó ser exposto na tribuna da UNESCO, nun erro de tacto diplomático que prexudica, non a un país, senón ó idioma español no seu conxunto. É certo que calquera que fose o nome, español ou americano, tería levantado críticas. Pero inaugurar unha cátedra, á que se quere dar valor universal, na sede da UNESCO, debería conlevar a seguridade previa de que o conferenciante non defendería, entendéndoo dun xeito tan particular, un proxecto nacional, de calquera país que fose, senón unha lingua que ten que ter unha norma definida igualitariamente por todos aqueles que a falan e un certo espírito —non o da espada— común á maioría dos americanos e dos españois.

GERMÁN BARREIRA